



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dáse publicidade do literal do Decreto N° 95/2025 de día 24-02-2025, no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno Concello de Ponte deume

«Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO
PLENO DE DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2025

EXPEDIENTE N° 2025/G010/000004

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 24.02.2025, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo xoves **día 27.02.2025 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DA ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 30-1-2025 E SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE DE 05-02-2025**
- 2 CONCESIÓN DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE PONTEDEUME A DON MANUEL ANTONIO TORRE IGLESIAS.**
- 3 AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE MIÑO.**
- 4 SUPRESIÓN DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA E DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 17 REGULADORA DA MESMA.**
- 5 MOCIÓN DO BNG. SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A APROBACIÓN POR LEI E A POSTA EN MARCHA DUNHA VALEDORÍA DE IGUALDADE.**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 6 MOCIÓN DO BNG SOBRE A ESTACIÓN DE TREN E O SERVIZO DE TRANSPORTE FERROVIARIO.
- 7 MOCIÓN DO PP SOBRE A URXENCIA DE SACAR NO 2025 UNHA NOVA ORDENANZA DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA (CON TERRAZAS E OUTROS ELEMENTOS).
- 8 REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2024.
- 9 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 10 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO. DAR CONTA RESOLUCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA.
- 11 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO. MOCIÓNS URXENTES.
- 12 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO. ROGOS E PREGUNTAS

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro).

Rógase que en caso de non poder asistir o comunique á Alcaldía, a través da Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustifiquen.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).

